

# LOIS PEREIRO

1.- Lois Pereiro naceu na cidade onde se atopa este monumento. De que cidade se trata?



2.- O ano de nacemento de Lois Pereiro, coincide coa morte do premio Nobel de literatura, Juan Ramón Jiménez. En que ano naceu Lois Pereiro?

3.- Na cidade desta fotografía funda a revista "Loia". Desta listaxe, con que personaxes colaborou ?

- Antón Patiño
- Uxío Novoneyra
- X. Manuel Pereiro
- Menchu Lamas
- Rosalía de Castro
- Manuel Rivas



4.- A que se adican na actualidade estes personaxes ?

5.- Que obras escribe na cidade onde funda a revista " Loia " ?

6.- Este monumento está no lugar onde viviu os últimos anos da súa vida.  
Saberías dicir de que cidade se trata?



7.-Que obras escribe nesta cidade?

8.-En que lugar foi soterrado?. Cal foi o seu epitafio?

9-Xoga a ser poeta como Lois Pereiro e ponlle título a algunha das súas poesías.

**Título .....**

Saber que está un á morte  
e o corpo é unha paisaxe de batalla:  
unha carnicería no cerebro.  
¿Permitirías ti, amor deserto,  
que nesta febre penitente abra  
a derradeira porta e a pechase  
detrás miña, sonámbulo e impasible,  
ou porías o pé  
entre ela e o destino?

**Título.....**

Vendo eses dous ollos latexantes  
cal visión dunha imaxe entresoñada  
no seu peito en perfecta simetría  
cun interno tremor que me fascina  
desexaría entrar nela e refuxiarme  
no seu corpo secreto para sempre  
protexido da morte  
coa súa vida  
féndeme o corpo un húmido arrepío  
e bícame as vértebras con furia  
nun vértigo de dor e de tenrura.